

O “CAMPANO” DOS ANCARES: ADORNO OU AMULETO?

Clodio González Pérez¹

RESUMO:

Desde a antiguidade, foram atribuídas ao texugo virtudes especiais: medicinais, apotropaicas e propiciatórias. As últimas manifestações registaram-se a meados do século XX, quando a sua pele e as suas garras passaram a ser usadas contra o mau olhado e a inveja, para pessoas e animais. Em Piornedo (Lugo), quando os bois eram levados à feira, punham-lhes um chocalho com pele de texugo, afirmindo que era um enfeite, mas o mesmo se fazia nessa época em outros lugares fora de Galiza contra o mau olhado.

Palavras-chave: Texugo; Chocalho; Mau olhado; Superstição.

ABSTRACT:

Special virtues are attributed to european badger (*Meles meles L.*): medicinal, apotropaic and propitiatory. Last shows are registered about the middle of the XX century, using skin and claws against evil eye and envy to protect people and animals. In Piornedo (Lugo), when they took oxen to fair used to put them a cowbell with badger skin, affirming it was an adornment, but at this time it was made the same in other places outside Galiza against evil eye.

Keywords: Badger; Cowbell; Evil eye; Superstition.

1. INTRODUCIÓN

Na Palloza-Museo “Casa do Sesto” de Piornedo, na Serra dos Ancares, xusto onde confinan León, Asturias e Galiza, entre os múltiples apeiros e trebellos agropecuarios que se usaron nesta comarca ata hai uns cincuenta anos, sobresaen dúas chocas ou chocallos distintos dos demás, que pasan desapercibidos polos visitantes (Fig. 1).

Non son de chapa de ferro, senón de metal fundido nun molde como as campaññas que se usan nas igrexas, de aí que se coñezan por “campanos” e non por chocas, e malia que sexan semellantes, entre ambos os dous existe unha diferenza notable á que xa se teñen referido algúns autores, pois mentres os primeiros ao seren de fundición os do mesmo grandor teñen igual son, o das segundas sempre varía, de xeito que o gandeiro sabe se se trata ou non do seu gando (Aranzadi: 1945, I, 491).

O uso destes trebellos non reviste nada especial, pero si os dous “campanos” da Palloza-Museo “Casa do Sesto” que contan cun elemento que os fai únicos agora entre os que coñecemos, aínda que se sabía da súa existencia nesta comarca montañosa dende hai moitos anos: a correia que vai ao pescozo está adornada con pel de teixo ou teixugo, que lle confire un gran valor apotropaico para afastar

¹ Museo do Pobo Galego. Deseños e fotografías: Xoán Ramón Martín Martínez.

o mal e propiciar o ben, a pesar de que actualmente se perde esa crenza mesmo entre as persoas maiores que de nenos aínda andaron cos bois enfeitados co “campano”, pois -cando menos na última época- o seu uso restrinxíase a cando levaban estes animais á feira e, en particular, á do Espín, situada na vila da Veiga de Espiñareda, xa na provincia de León.

A partir da década dos anos sesenta do século pasado, os bois que se cebaban nos meses estivais nas brañas e alzadas das montañas, onde había herba dabondo durante todo o verán (a braña de Piornedo, coñecida tamén pola Mallada do Mostallar, está a 1.699 m de altitude), foron desaparecendo así como diminuía a poboación destas agrestes terras, quedando actualmente só algunas vacas ceibas no monte, e non como antes que se organizaban quendas segundo o número de cabezas de cada veciño para coidar os animais de noite e de día.

2. UNHA CRENCIA MOI ESTENDIDA

No traballo de campo que levamos a termo nestas terras da alta montaña galego-astur-leonesa con Xosé Manuel González Reboredo e outros investigadores, do ano 1984 en adiante, rexistramos a existencia desta choca especial, pero por máis que se pescudou non chegamos a ver ningún exemplar que aínda conservase o elemento que as distinguía das demais: a pel de teixo².

Un dos primeiros que nos falou destes “campanos” ou chocallos foi José Barrero, veciño da aldea de Murias de Rao (Navia de Suarna) que agora pasaría dos 110 anos de idade, unha persoa moi amable, observadora e namorada da súa terra, que non só conservaba a memoria da súa época, senón que se lembraba do que contaban os vellos, de xeito que as súas acordanzas chegaban en moitos casos ata case mediados do século XIX.

Como daquela non logramos acadar ningún exemplar tivemos que cinguirnos á descripción do devandito Sr. Barrero, que resumimos así: *en vez de levar correas ou cadeas ía pendurada dun colar feito de pel de teixo co pelo para fóra, para que fixese bonito. Unicamente se lles poñía aos bois cando se levaban a vender á feira. Na posguerra [a partir de 1940] foise abandonando, non se usando xa na década dos sesenta, que foi cando os campesiños empezaron a desprenderse destes animais* (González Pérez, 1991: 293).

Este gando (as xugadas) levábano case exclusivamente ás feiras do Espín e a Proba de Navia. A primeira xuntábase na vila leonesa da Veiga de Espiñareda, de grande renome en toda a contorna da Serra dos Ancares, que concedera a súa celebración en 1317 o rei Afonso XI ao mosteiro de Santo André de Espiñareda, e a segunda na vila do mesmo nome, capital dende a antigüidade do condado Naviensis, un dos pertencentes á diocese de Lugo que xa figura nas actas do segundo concilio de Braga (Portugal), celebrado baixo o goberno do rei suevo Miro o ano 572.

En moitos casos tiñan que facer noite para levar o gando, sobre todo á leonesa, que logo os trantantes mandaban para diferentes puntos da Península, situación que mellorou notablemente así como o tren se ía aproximando a Galiza (Astorga, 1866; Ponferrada, 1882; Vilafranca do Bierzo, 1883), e xa a partir de mediados do século pasado coa apertura de estradas, podendo chegar os camións cos animais a calquera parte.

Os bois cebados no verán coa herba das brañas baixaban para as cortes en setembro ou outubro, segundo as condicións meteorolóxicas, celebrándose entón as feiras más concorridas, ás que os levaban engalanados cos “campanos”, que traían os donos de novo para a casa ao remataren o trato da venda.

² Froito destas estadías foron, entre outras, as seguintes publicacións: GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.; RODRÍGUEZ CAMPOS, J.; GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Ancares*, Deputación Provincial de Lugo, Lugo I (1990), II (1991); GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.; GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Sociedade e Tecnoloxía tradicionais do Val de Ancares*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1996; GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.; COSTA VÁZQUEZ-MARIÑO, L.; GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Nos lindeiros da galeguideade. Estudio antropolóxico do Val de Fornela*. *Etnohistoria, Etnomusicoloxía, Etnografía*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2002.

As persoas que áinda andaron así cos bois, a única explicación que dan verbo deste costume é a de que se trataba dun adorno, pero con toda seguridade na orixe o motivo era moi outro, tendo en conta que se trata dun obxecto ao que dende a antigüidade se lle atribúe o poder de afastar o mal de ollo e a envexa (Figs. 2 e 3).

3. OS PODERES ESPECIAIS DO *MELES MELES L.*

Este mustélido coñécese en Galiza por varios nomes: teixo, porco teixo, teixugo e tamén tourón, malia que o último non sexa o mesmo animal (*Mustela putorius*).

O mesmo que noutras partes, non obstante que agora aquí se perdease a tradición, considerouse dende tempos inmemoriais un animaliño con moitas virtudes medicinais e apotropaicas, entre as primeiras contra a peste, a lepra e a sarna, e das segundas como antídoto eficaz para evitar o mal de ollo. Non se coñece a orixe destas crenzas, pero en particular as segundas para algúns estudosos puideran deberse á grande cantidade de pelo fino, que obrigaría á persoa que quere facer dano a contar antes os cabelos, e tamén a que as poutas teñan cinco uñas, número considerado máxico -cinco dedos das mans e dos pés dos humanos, cinco elementos (terra, aire, auga, lume e éter), o pentagrama de Pitágoras, etc- (Irigaray Soto, 2001, XXXIII: 56).

Plinio trata do teixo na *Historia Natural*, pero malia que el non o diga, os comentaristas da súa obra fixeron fincapé nestas crenzas. Así, por exemplo, Gerónimo Huerta escribía en 1624, que se ten *por cosa cierta*, que *huyen dellos los lobos, y otros animales ferozes: y por esto ponen a los caballos y mulas, y a los jumentos collares, con copetes de su pelo para que nos les hagan daño, aunque algunos se los ponen, por entender que libran del mal de ojo: y por la misma causa ponen a los niños pequeños una mano deste animal*. E segue dicindo que se come en Italia, Xermania e Castela, e que as súas cinzas son boas para as *reiectaciones de sangre*, como antídoto para a peste, o sangue seco para a lepra, a gordura ou unto eficaz para os tumores ou apostemas, aprovecha contra *las calenturas*, dor de riles, xunturas dos ósos, desencolle os nervios, o cerebro alivia todas as dores, e os testículos cocidos con mel encienden mucho *la Venus* (Plinio, 1624: 455).

Estas conviccións mantivérонse ao longo dos séculos: o Marqués de Villena, Enrique de Aragón (1384-1434), coñecido polo “Astrólogo” e o “Nigromante”, di no *Tratado de fascinación o de aojamiento*, escrito en 1425, que por *superstición* poñen a *las bestias cuero con pelo de tasugo en el collar e cabeçadas para libralas do mal de ollo* (Villena, 1994, I: 332). E no *Livro dos conselhos de El-rei D. Duarte ou Livro da Cartuxa*, que gobernou Portugal entre os anos 1433 e 1438, figura a seguinte receita: *Carta do doutor Diogo Afonso para o rei sobre os pós de texugo que se tomam para a peste*, á que dedica dous capítulos: *Como se fazen os pos de teixugo* (f. CCLXXV) e *Regimento que ha ter o q' tomar os pos do teixuguo* (CCLIII) (*Livro dos conselhos...*, 1982).

A finais do século XV na botica da Celestina non faltaban o unto e o pié de texón, é dicir as garras, para elaborar unturas e afastar o mal de ollo, respectivamente (Rojas, 1998: 122-123). Crenza que se mantivo, como amosa o seguinte texto de Luis Quiñones de Benavente (s. XVI-XVII), que na obra *Los Mariones*, Quiterio pregúntalle a Estefanio que levaba para o mal de ollo e este responde: *azabache, tejón, hierbas de San Juan...* (Timón Tiemblo, 2011: 2). Tamén se cría que os testículos eran un afrodisíaco eficacísimo (Garci-Gómez, 1981, V: 32).

En Francia e nos Países Baixos, e o mesmo debía suceder en toda Europa, era un animal do que se aproveitaba todo, pois ademais de comelo, a gordura, *huile de blaireau*, era boa para as contracturas dos membros e as estrías dos seos das mulleres; o sangue seco como sudorífero, a lepra, a sarna e a peste; o cerebro para varias dores; o fígado evitaba o cheiro do alento; os dentes eran un amuleto para a perda da memoria; os testículos como afrodisíaco; as cinzas contra a hemoptise, etc. (Cloquet, 1822: X, 403; Mérat; Le Lens, 1838: IV, 434).

3.1. As persoas

Ademais dos casos que quedan vistos, os amuletos das patas e do pelo eran moi comúns contra o mal de ollo sobre todo por parte de nenos e mulleres. A proba constitúena algúns exemplares que se coñecen: no antigo Museo del Pueblo Español (agora Museo del Traje. Centro de Investigación del Patrimonio Etnológico, Madrid) custódianse cinco de garras con empuñaduras de prata: catro proceden de Salamanca (en particular unha de La Alberca) e outro de Astorga (León) (Alarcón Román, 1987: 33, 56, 61, 79, 84, 152). Un de feitura semellante tamén con engaste de prata pódese admirar no Museo Etnolóxico de Navarra “Julio Caro Baroja” en Estella (Irigaray Soto, 2001, XXXIII: 56); así como outros en Segovia, Museo Sorolla (Madrid), “Museo de las Alhajas de la Vía de la Plata” (La Bañeza - León), Museo de la Farmacia Hispana (Madrid), Museo Nacional de Artes Decorativas (Madrid), “Museo de la Indumentaria tradicional leonesa” -unha garra de *melandru*, denominación astur-leonesa- (Valencia de D. Juan), etc. (Fig. 4).

A época en que estivo máis estendido o costume en España foi durante a dinastía dos Austrias, entre os séculos XVI e XVII, como testemuñan algúns cadros de nenos con varios amuletos, sobre todo atados á cintura, entre os que non adoita faltar a pouta de teixo (Callejo, 2000: 282). En 1611 escribía Sebastián de Covarrubias na definición de *aojar*: que *los niños corren más peligro que los hombres por ser ternecitos, y tener la sangre tan delgada, y por este miedo les ponen algunos amuletos, ó defensivos, y algunos dices, ora sea creyendo tienen alguna virtud para evitar este daño, ora para divertir al que mira, porque no clave los ojos de hito en hito al mirar, ordinariamente les ponen mano de tasugo, ramillos de coral, cuentas de ámbar, piezas de cristal, y azabache, castaña marina, nuez de plata con azogue, raíz de peonía, y otras cosas* (Covarrubias y Orozco, 1611: 76). E poucos anos despois, en 1653, Juan Lázaro Gutiérrez de Sepúlveda no Opúsculo sobre el aojamiento, que había *la costumbre antigua y actual de colgar de los hombros de los bebés las manos del mele [tejón], medio con el cual opinan religiosamente las nodrizas que se previene el aojo de los niños* (Sanz, 2001: 360).

Verbo do mesmo, dicía no século XVIII un escribán de Mondragón (Gipuzkoa) nunha obriña de teatro para representar a noite de Nadal, que “traerei do monte unha poutiña de teixo e colgareicha do peitiño para que non che fagan o mal de ollo” (*Azkonarraren atzapartxoa / ekarriko dot menditi, / begizkorik estegizuen / bulartxorean isegui*) (Azkue, 1989: I, 125). Tamén se rexistran os mesmos amuletos en Navarra (Lapuente Martínez, 1976: 405), e en Almería, confirmándose deste xeito a súa presenza en Andalucía (Salillas, 2000:77).

Os anglosaxóns posuían amuletos de dentes de teixo dos que dicían que eran eficaces contra a peste, o mal de ollo, o graínzo, etc., así como as garras para os nenos (Azkue, 1989: I- 38). Era corrente nalgunhas rexións italianas (Basilicata, Alta Valle del Tevere, Abruzzo...), levar os nenos amuletos contra a envexa de zampa e pelo del tasso (Baronti, 2008: 104 ss.), e en particular nos Apeninos centrais cren que o seu cabelo é un óptimo protector para a envexa, pero se é roubado ou un agasallo dun cazador (Chavez Hualpa, 2008: 69).

3.2. Os animais

O Marqués de Villena, Enrique de Aragón (1384-1434), afirmaba, como queda visto, que había o costume de poñerllas ás bestas e aos cabalos coiro con pelo de *tasugo en el collar e cabeçadas* (Villena, 1994, I: 332). E en 1653 dicía Juan Lázaro Gutiérrez de Sepúlveda, que os labregos colgaban a pel do teixo sobre os “brutos”, *para que, como sospechan, no les cause prejuicio el ojo hechicero, e tamén nos rabos dos cabalos, machos e burros, unha buena parte del pellejo de ese animal como defensa contra las miradas de los fascinadores* (Sanz, 2001: 360).

En 1837 escribía un “Asnólogo” (pseudónimo de Manuel Lozano Pérez Ramajo) que es verdad que *el discurso humano hace poner al Asno, lo mismo que á la mula y caballo, collares ó copetes de tejón por preservativo contra el lobo, el oso y otras fieras que dicen huir del tejón, según tal es la tradición y costumbre antiquísima* (Asnólogo, 1837: 207). O que mostra que tamén este humilde animal adoitaba gozar da protección do teixo.

A tradición mantívose nalgúns lugares ata ben entrado o século XX, como en Ataun (Gipuzkoa), que lle puñan a pel no pESCOZO en particular aos bois se ían estar xunguidos onde houbese público, como na feira, constando que o facían para libralos do mal de ollo. Tamén se consideraba un luxo en varias comarcas de Euskadi levar o xugo dos bois nas celebracións -como as vodas- adornado con chocallos e pel deste animal (Barandiarán, 1972-1983, V: 292; Barandiarán, 1984: 219; Azkue, 1989: I, 271; Erkoreka, 1995: 138). Nos Abruzzos (Italia) acostumaban poñer nos xugos que transportaban o carro co dote da noiva unha guedella de pelo de teixo, un lazo vermello e unhas campaíñas penduradas do pESCOZO dos animais para afastar a envexa (Nino, 1988: 2-18); nalgúnsas zonas da Umbria cando levaban os animais á feira ou a outros actos públicos, para defendelos do mal de ollo adornábanos con lazos vermellos con guedellas de pelo de teixo (Chavez Hualpa, 2008: 91-92) e noutras mantíñase o costume de poñerles *pelo del tasso* aos *animali da tiro o da lavoro* (Baronti, 2008: 116). Manifestacións que tamén se rexistran en varios lugares de Alemaña (Breisgau) (Azkue, 1989: I-38).

Ademais do gando vacún, en Navarra andaban cunha choca adornada coa pel deste mustélido os carneiros coa mesma fin, conservándose actualmente no Museo del Traje. Centro de Investigación del Patrimonio Etnológico (Madrid), unha fermosa peza procedente de Izaba (Sangüesa) (Mingote Calderón, 2005).

Non faltaban tampouco as persoas que poñían garras nas cortes para afastar o mal de ollo (Alarcón Román, 1987: 33); que crían que a pel era boa para que non lles atacase o lupus aos animais (Azkue, 1989), ou para que a protección fose aínda máis segura, xuntar as crenzas cristianas coas supersticiosas levándoos a beicer o día de Santo Antón (o 17 de xaneiro) cubertos cunha pel de teixo, como se facía en Améscoa (Navarra) (Lapuente Martínez, 1976: 405).

4. RECAPITULACIÓN

Na última época en que se usou o “campano” en Piornedo e, en xeral, nas terras da Serra dos Ancares (como queda dito, onde converxen Galiza, León e Asturias), xa se consideraba un adobío sen valor para defender o animal do mal de ollo e da envexa. Pero non se trataba dunha choca máis, pola pel de teixugo e porque únicamente o lucían os bois -os animais más valiosos que había na casa- cando os levaban á feira fóra da aldea.

Tendo en conta a relevancia deste mustélido en xeral ao longo dos séculos como antídoto contra o mal de ollo, sen dúbida que aquí nos Ancares tamén a tivo, manténdose na última época como residuo únicamente a parte ornamental, quizais dende finais do século XIX (Fig. 5).

Ademais da pel tamén se cazaba pola carne, moi saborosa e semellante á do porco, que antes da expansión das armas de fogo pillábano correndo detrás del ou cavando nos tobos cando non eran moi fondos.

Non temos constancia polo de agora que se lles dese importancia ás poutas nesta zona, pero non se pode rexeitar que fose así antes, en particular para protexer os nenos, tendo en conta que un destes amuletos que se custodian no antigo Museo del Pueblo Español (Madrid) procede de Astorga, outro do “Museo de las Alhajas de la Vía de la Plata” de La Bañeza, e un terceiro do “Museo de la Indumentaria tradicional leonesa” de Valencia de D. Juan, as tres poboacións pertencentes á provincia de León, lindreira con Piornedo, e onde se celebraba unha das feiras de gando más concorridas de toda a alta montaña astur-galega-leonesa, a do Espín na Veiga de Espiñareda.

Na última época os únicos amuletos coñecidos na bisbarra eran as pólidas de *boíto* (*Sambucus nigra*, árbore tradicionalmente sempre relacionada coa maxia), a auga bendita, o loureiro do Domingo de Ramos, os cornos da vacaloura (*Lucanus cervus*) e o corno do *alicornio*³.

³ Animal mítico que podía perder o único corno cando ía beber, considerado un talismán para o mal de ollo, envexa, doenzas, etc. Na realidade adoitaba ser a punta dun corno dalgún cérvido ou mesmo un dente (en particular de xabaril) (RÚA ALLER, J. ; RUBIO GAGO, M.: *La piedra celeste. Creencias populares leonesas*, León, 1986).

BIBLIOGRAFÍA

- ALARCÓN ROMÁN, C. (1987), Catálogo del Museo del Pueblo Español, Madrid, Ministerio de Cultura - Dirección General de Bellas Artes y Archivos.
- ARANZADI, T. de (1945), Los cencerros, Revista de Dialectología y Tradiciones Populares, I, Madrid.
- ASNÓLOGO (pseudónimo de Manuel Lozano Pérez Ramajo) (1837), *El Asno ilustrado, ó sea la Apología del asno, con notas y el elogio del rebuzno por un apéndice, por un Asnólogo, aprendiz de poeta*, Madrid, Imprenta Nacional.
- AZKUE, R. M. de (1989), *Euskaleriaren Yakintza / Literatura popular del País Vasco*, Madrid, Euskaltzandia - Espasa Calpe.
- BARANDIARÁN, J. M. (1972-1983), Obras completas, V, Bilbao, La Gran Enciclopedia Vasca.
- BARANDIARÁN, J. M. (1984), *Diccionario de mitología vasca*, San Sebastián, Txertoa.
- BARONTI, G. (2008), *Tra bambini e acque sporche. Immersioni nella collezione di amuleti di Giuseppe Bellucci*, Perugia, Morlacchi Editore.
- CALLEJO, J. (2000), Bestiario mágico, Madrid, EDAF.
- CHAVEZ HUALPA, F. I. (2008), Envidia, mal de ojo y ‘paura’ en los Apeninos Centrales (Leonessa, Italia), Revista de Folklore, 335, Valladolid.
- CLOQUET, H. (1822), *Faune des médecins, ou histoire des animaux et de leurs produits....*, X, París, Chez Crochard Libraire - Éditeur
- COVARRUBIAS Y OROZCO, S. (1611), *Tesoro de la Lengua Castellana o Española...*, Madrid.
- ERKOREKA, A. (1995): *Begizkoa. Mal de ojo*, Bilbao, Ekain.
- GARCI - GÓMEZ, M. (1981): *Hueuos asados: Afrodísíaco para el marido de Celestina, Celestinesca*, V, Departamento de Filología Española, Universitat de València.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C. (1991), Aproximación etnográfica á cultura material da montaña lucense: Notas históricas e situación presente, *Antropología y Etnografía de las proximidades de la Sierra de Añares*, II, Lugo, Deputación Provincial de Lugo.
- IRIGARAY SOTO, S. (2001), La colección de amuletos de la Casa Santesteban de Puente la Reina en el Museo Etnológico de Navarra “Julio Caro Baroja”, Pamplona, *Cuadernos de Etnología y Etnografía de Navarra*, 76.
- LAPUENTE MARTÍNEZ, L. (1976), Estudio etnográfico de Améscoa (IV), Pamplona, Cuadernos de Etnología y Etnografía de Navarra.
- Livro dos conselhos de el-rei D. Duarte: *Livro da Cartuxa* (1982). Transcrição de João Jose Alves Dias; intrd. de A. H. Oliveira Marques e João Jose Alves Dias, Lisboa, Estampa.
- LOZANO PÉREZ RAMAJO, M., Véxase ASNÓLOGO.
- MÉRAT, F.- J.; DE LENIS, A.-J. (1838), *Dictionnaire universel de matière médicale et thérapeutique....*, Bruxelles, Société belge de Librairie, Hauman et Comp.
- MINGOTE CALDERÓN, J. L. (coord.) (2005), *Animalario: Visiones humanas sobre mundos animales*, Madrid, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.
- NINO, A. de (1988), *Usi abruzzesi*, L'Aquila.
- PLINIO (1624), *Historia Natural de Cayo Plinio Segundo*. Traducida por el licenciado Gerónimo de Huerta..., Madrid.
- ROJAS, F. de (1998), *Celestina*. Edición de Pedro M. Piñeiro, Madrid, Espasa Calpe.
- SALILLAS, R. (2000), *La fascinación en España. Brujas, brujerías, amuletos*, Barcelona, Ediciones S.L.
- SANZ HERMIDA, J. (2001), Cuatro tratados médicos sobre el mal de ojo, Valladolid, Junta de Castilla y León - Consejería de Educación y Cultura.
- TIMÓN TIEMBLO, M^a. P. (2011), La infancia en época de *El Quijote*: males y elementos protectores, Escenas cervantinas, Museo Casa natal de Cervantes (internet).
- VILLENA, Marqués de (Enrique de Aragón) (1994), Obras completas: I, *Tratado de fascinación o de aojamiento*, Madrid, Ed. Turner.



Fig. 1 – Situación de Piornedo, entre Asturias, León e Galiza.



Fig. 2 – Un dos “campanos” de Piornedo.



Fig. 3 – Pormenor interior dun “campano” de Piornedo.



Fig. 4 – Amuleto con garra de teixo (Museo del Traje. Centro de Investigación del Patrimonio Etnológico, Madrid, c. 1700).



Fig. 5 – “Campano” ou choça de Piornedo con pel de teixo, xa fóra de uso.

